

Mércores, 10 de maio de 2023

Núm. 89

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **MONDARIZ-BALNEARIO**

##### **Persoal, oposicións**

*APROBACIÓN BASES E A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE DIRECTOR/A ESCOLA INFANTIL PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MONDARIZ BALNEARIO*

##### *ANUNCIO*

Por resolución da Alcaldía do día 4 de maio de 2023 acordouse aproba-las bases e a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal na categoría profesional de director/a escola infantil para a Escola Infantil Municipal de Mondariz Balneario. As Bases están a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello [<http://mondarizbalneario.sedelectronica.gal>]. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica do Concello [<http://mondarizbalneario.sedelectronica.gal>].

Contra as bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Mondariz Balneario, a 4 de maio de 2023.

O Alcalde: José Antonio Lorenzo Rodríguez

